

# ALGO PARA RECORDAR

Nora Ephron, 1993

# 1657

---

ESTREA EN NUMAX: 20.12.2025 | V.O.S.E. | 101 min

Tras a morte da súa muller, o arquitecto Sam Baldwin está deprimido. O seu fillo, Jonah, convencido de que seu pai precisa un novo amor, chama a un programa de radio o día de Nadal para contar a súa historia.

Comedia romántica de culto na década dos 90 inspirada no “Ti e máis eu” de Leo McCarey que proxectamos en NUMAX o luns 29 de decembro.



## Por que tes que ver “Algo para recordar” nestas datas?

Por María Aller

### A directora

Nora Ephron ademais de directora foi sobre todo guionista. Ademais de xornalista e escritora, escribiu os guións de *Silkwood* (Mike Nichols, 1983) e *Acabouse o pastel* (Mike Nichols, 1986) e unha das máis célebres comedias románticas: *Cando Harry atopou a Sally*, dirixida por Rob Reiner en 1989. *Esta é a miña vida* (1992) foi a primeira película como directora, e a seguinte foi *Algo para recordar*, froito das películas clásicas coas que medrou. Esta foi é a súa homenaxe ao *Ti e máis eu* de Leo McCarey.

### Recepción

Sen dúbida foi o traballo con mellor acollida dos realizados pola súa directora. Recadou un total de máis de 227 millóns de dólares en todo o mundo. Meg Ryan confirmouse como a estrela da comedia romántica dos 90 e Tom Hanks demostraba que podía facerse co público con papeis tanto na comedia como no drama. Ese mesmo ano protagonizaba *Philadelphia* (Jonathan Demme, 1993) coa que gañou o seu primeiro Oscar.

### Anécdotas

Pero Tom Hanks, na rodaxe, non foi tan amable como parece en cámara. Seica non conxeniou moi ben co primeiro actor que facía do seu fillo, Nathan Watt, e tivo que ser substituído por Ross Salinger, contra a opinión de Ephron. Odiado por moitos, amado por outros, o pequeno Salinger protagonizou un papel que é xa historia do cinema. Tras ese papel chegaron outras pequenas intervencións. Antes fora visto en *Poli de gardería* (Ivan Reitman, 1990). Deixou a carreira con 22 anos no ano 2006.

### A escena

Poucos finais foron tan lembrados e reconfortantes como o de *Algo para recordar*. Parece que non coincidirán, pero claramente si. Con poucas palabras, baseándose nas miradas de Hanks-Ryan, e escoitándose de fondo o “Make Someone Happy” de Jimmy Durante. Poucos finais nunha comedia romántica hai tan emocionantes como ese peche de portas no ascensor.

### A frase

Citaremos unha que di Annie: O destino é algo que inventamos porque non soportamos que todo o que sucede é accidental.

### A quen vai dirixida?

Para os e as namoradas do amor nas películas e para os devotos e devotas do xénero.

Publicado en fotogramas.es